



Folla de sala / Galego

VANGARDAS HISTÓRICAS e PINTURA de POSGUERRA

13

O panorama artístico galego durante os primeiros vinte e cinco anos do século XX tivo como denominador común a persistencia do **Rexionalismo Pictórico** e a estética *realista* de carácter academicista e de connotacións sociais.

Tras o desastre que supuxo a perda das colonias de Cuba e Filipinas, en Galicia vaise producir o debate entre o **Rexionalismo** e o **Nacionalismo**, nun contexto de busca de identidade, reacción que xorde en contraposición coa centralización da cultura española.

Neste contexto, a institucionalización das bolsas da Deputación de Pontevedra, grazas ás cales os artistas galegos podían saír a formarse e entrar en contacto cos grandes centros artísticos españois de Madrid e Barcelona, así como a aparición dunha serie de revistas como *Alfar*, *Ronsel*, *A Nosa Terra* e *Nós* que nacen en defensa da cultura galega supuxeron unha base para a aparición das vangardas.

As **Vangardas Pictóricas** en Galicia estiveron caracterizadas por un cambio na linguaxe, ao que se antepón a tradición, con temas etnográficos e antropolóxicos do campo e do mar e con formas primitivistas procedentes da escultura popular granítica do románico galego.

Entre estes artistas destacan **Manuel Colmeiro**, **Luis Seoane**, **Arturo Souto**, **Laxeiro** e **Daniel Rodríguez Castelao**.

Unha minoría de artistas galegos, como **Maruja Mallo**, **Granell** ou **Lugrís** tomarán a opción do **Surrealismo** para romper coa arte imperante, non obstante desempeñarán a súa poética á marxe de Galicia e desenvolvendo a súa actividade artística fóra dela.



VANGUARDIAS HISTÓRICAS y PINTURA de POSGUERRA

El panorama artístico Gallego durante los primeros 25 años del siglo XX tuvo como denominador común la persistencia del **Regionalismo Pictórico** y la estética *realista* de carácter academicista y de connotaciones sociales.

Tras el desastre que supuso la pérdida de las colonias de Cuba y Filipinas, en Galicia se va a producir el debate entre el **Regionalismo** y el **Nacionalismo**, en un contexto de búsqueda de identidad, reacción que surge en contraposición con la centralización de la cultura española.

En este contexto la institucionalización de las becas de la Diputación de Pontevedra, gracias a los cuales los artistas gallegos podían salir a formarse y entrar en contacto con los grandes centros artísticos españoles de Madrid y Barcelona así como la aparición de una serie de revistas como *Alfar*, *Ronsel*, *A Nosa Terra* y *Nós* que nacen en defensa de la cultura gallega, supusieron una base para la aparición de las Vanguardias.

Las **Vanguardias Pictóricas** en Galicia estuvieron caracterizadas por un cambio en el lenguaje, al que se antepone la tradición, con temas etnográficos y antropológicos del campo y del mar y con formas primitivistas procedentes de la escultura popular granítica del románico gallego.

Entre estos artistas destacan **Manuel Colmeiro**, **Luis Seoane**, **Arturo Souto**, **Laxeiro** y **Daniel Rodríguez Castelao**.

Una minoría de artistas gallegos, como **Maruja Mallo**, **Granell** o **Lugrís** tomarán la opción del **Surrealismo** para romper con el arte imperante, sin embargo desempeñarán su poética al margen de Galicia y desarrollando su actividad artística fuera de ella.